SAN CRISTOVO DE CEA
REXISTRO ENTRADA
2017-E-RC-1261
08/11/2017 13:54

MOCIÓN SOBRE A FALLA DE PREVENCIÓN NOS LUMES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en San Cristovo de Cea, presenta ó pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
San Cristovo de Cea

ANTECEDENTES

En datas recentes produciuse no Concello de Cea o maior incendio, en canto a superficie queimada, que se lembra en moitos anos. O perímetro comprendido entre as pistas de Ardesende-Vales-Casar de María-As Laxas ata a de Oseira-Pieles quedou totalmente calcinado. Diante da escandalosa situación que provocan os lumes ano tras ano, desde o Concello de Cea non existiu prevención algunha. Non se lles ocorreu nada mellor que sacar unha foto cunha peza de pan, mostrando un carácter afable que contrastaba co patetismo da situación.

Fai anos que o concello de Cea non solicita nin organiza brigadas para a prevención e a extinción do lume. Preguntámonos por qué razón non se teñen solicitado e posto en funcionamento estes grupos de traballo, cando os concellos limítrofes sí o fixeron.

O normal, se existira un mínimo interese por parte do grupo de goberno, houbera sido solicitalas e poñelas a funcionar, non só 3 meses senón manténdoas operativas todo ano e con reforzo nos meses de verán, para que levaran acabo tarefas de prevención como o desbroce nos montes, a creación de cortalumes, a limpeza de franxas de protección entorno ós núcleos urbáns, etc.

Neste concello estase a facer caso omiso da lei 3/2007 de "Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais en Galiza", deixando sen limpar os 50 m. esixidos nos contornos urbáns. Só cando algún veciño efectúa unha denuncia se inician accións, fomentando así o enfrontamento entre veciños que teñen que denunciarse entre sí, mentres o concello mira para outro lado. De pouco sirve publicar un bando a principios do verán, se non se fai cumprir.

Esta situación de deixadez, non se pode acochar con fotos, aparicións nos medios ou manifestacións rimbombantes, senón que precisa de medidas efectivas na práctica. É necesario afrontala cos medios axeitados, con persoal cualificado e dirección coordinada.

O BNG ten argumentado en diversas ocasións que a situación en Galiza ven caracterizada por:

• **Abandono do rural e abandono do monte**. Cada vez é maior o número de propietarios que non traballan as terras nin limpan as fincas. Neste aspecto negativo Cea é pioneira.

• **Falta de ordenación forestal,** que provoca unha proliferación descontrolada e industrial de plantacións de especies foráneas e de ciclo curto (eucalipto/piñeiro) e de especies pirófitas ("amigas do lume"). O **Minifundio** existente, e moi especialmente na nosa zona, dificulta tal ordeamento. De pouco sirve que se limpe algunha pequena parcela se as lindantes seguen invadidas pola maleza.

• **Desestacionalización dos incendios alén do verán**; feito relacionado co cambio climático que se está producindo. O que exixe dunha maior previsión e desenvolvemento dos plans de prevención.

• **Precarización das condicións de traballo e do propio servizo** de prevención e extinción de incendios.

Galiza precisa, por tanto, dunha **nova política forestal** orientada a acometer unha ordenación real do territorio, un plan de usos e aproveitamento do monte que aposte por aproveitamentos diversos de madeiras, onde gañen espazo as madeiras nobres, de calidade, sobre todo de árbores autóctonas e tamén a gandaría extensiva e o silvopastoreo, as producións complementares estacionais (apicultura, cogumelos, etc), o aproveitamento da biomasa, as enerxías renovábeis.

En paralelo, precisa tamén unas **novas políticas fiscal e tributaria** que alenten o coidado do monte en beneficio de todos, capaz de frear a eucaliptización do noso territorio, apoiar con axudas e incentivos fiscais as repoboacións que se realicen con especies autóctonas e controlar a reforestación de terras agrarias.

Potenciar a industria do moble e dos produtos do bosque autóctono, e da innovación neste ámbito, de xeito que se pechen os **ciclos produtivos na Galiza**. Ampliar as franxas de protección de incendios en vivendas e vías urbanas; así como garantir o cumprimento da lexislación e normas sobre plantacións, distancias, franxas de seguridade, prevención de incendios, ou avaliación ambiental en procedementos que implican cambios de actividade agrícolas e forestais. Prohibir os cultivos enerxéticos e recuperar a limitación de potencia para as plantas de biomasa forestal, tanto unitaria (10MW) como no conxunto da Galiza.

O grupo municipal do BNG propón o pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1- Instar á Xunta de Galiza á:

a) Executar unha política de desenvolvemento rural capaz de revertir o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais, acometendo de inmediato unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.

b) Establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos; reformulando o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único, de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

c) Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:

- **Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.**
- **O estabelecemento e mantemento de faixas de protección.**
- **Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a este fin.**

2- Esixir o Goberno municipal o inicio dunha política activa fronte dos incendios, que poña fin a actual etapa de pasividade, implicándose máis no distrito forestal que nos corresponde (distrito XI O Ribeiro-Arenteiro) para levar a cabo a prevención durante todo ano, a limpeza de franxas nos entornos urbáns (ampliándoas cando sexa necesario) e co reforzo necesario na época estival.

3- Informar ós veciños das axudas ás que poidan ter acceso segundo o previsto no Decreto 102/2017 de 19 de outubro sobre "*Medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galiza durante o mes de outubro do ano 2017", facilitando a tramitación ós particulares e solicitando as que podan corresponder ó propio Concello.*

San Cristovo de Cea a 08 de novembro de 2017

Asdo: Manuel Pérez Vázquez

Asdo: Mariña Arbor Aldea

SR. ALCALDE DE SAN CRISTOVO DE CEA